

MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS RESILIENTES FRONTE AO CAMBIO CLIMÁTICO EN MOZAMBIQUE.

(1) A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmarcase no establecido na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. O artigo 85.2 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, a Cooperación Galega intervirá prioritariamente, entre outros, no ámbito da acción humanitaria e axuda de emerxencia.

O IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 identifica a axuda humanitaria e de emerxencia como un dos ámbitos estratéxicos da cooperación, a executar ben de forma directa ou ben a través de los diferentes actores de cooperación.

(2) Antecedentes Desde o ano 2000, a Xunta ven colaborando co Fondo Galego no ámbito da sensibilización e educación para o desenvolvemento, a través das sinaturas dos correspondentes convenios.

O importe total das subvencións concedidas pola Xunta ao Fondo Galego nos ámbitos de sensibilización e fortalecemento no período 2004-2018 foi de 741.620,00 €, de acordo coa seguinte distribución:

| ANO | IMPORTE SUBVENCIÓN XUNTA |
|------------|---------------------------------|
| 2004 | 24.000,00 € |
| 2005 | 30.000,00 € |
| 2006 | 60.000,00 € |
| 2007 | 62.000,00 € |



| | |
|------------------------------------|--------------|
| 2008-2009 (Convenio plurianual) | 125.620,00 € |
| 2010 | 60.000,00 € |
| 2011 | 60.000,00 € |
| 2012 | 60.000,00 € |
| 2014 | 40.000,00 € |
| 2015 | 40.000,00 € |
| 2016 | 40.000,00 € |
| 2017 | 40.000,00 € |
| 2018 | 40.000,00 € |
| 2019 | 60.000,00 € |
| 2020 | 60.000,00 € |

Así mesmo, entre o ano 2003 e o 2010 a Xunta de Galicia colaborou co Fondo galego subvencionando numerosos proxectos de cooperación no exterior, principalmente en Cabo Verde, a través de convenios de colaboración co Fondo Galego, aos que se destinaron máis de 700.000 €.

(3) Finalidade establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Fondo Galego para reforzar as capacidades das comunidades que foron afectadas polos referidos ciclóns no municipio de Boane, para apoiar na reconstrución das infraestruturas destruídas. Boane, na provincia de Maputo, é un dos dous municipios que sufriron en maior medida a pasaxe do ciclón Eloise.

(4) O obxecto do convenio é reforzar as capacidades das comunidades que foron afectadas polos referidos ciclóns no municipio de Boane, apoiando a reconstrución das infraestruturas destruídas e formando a persoal técnico para afrontar futuras crises provocadas polo cambio climático.

(5) A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e, e as partes son conscientes de que é preciso aunar esforzos e establecer estratexias que dean resposta as necesidades de Mozambique fronte a súa vulnerabilidade ao cambio climático, como



resultado da súa xeolocalización e xeografía, na que grandes áreas do país están expostas a ciclóns tropicais, secas e inundacións por marexada ciclónica.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de vinte mil novecentos oitenta e seis euros con cincuenta e seis céntimos (20.986,56 €) con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela
O Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

